



Concello de San Cristovo de Cea

Praza Maior, 1 32130 San Cristovo de Cea (Ourense)
☎ 988 282 000 Fax: 988 282 008 ✉ concello@concellodecea.com
🌐 www.concellodecea.com



CONTRATO DE OBRAS, PROCEDIMIENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR MUNICIPAL".

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do prego.

O presente prego rexerá a adjudicación, formalización e os efectos do contrato definido na cláusula segunda.

CLÁUSULA SEGUNDA. Obxecto do contrato.

O contrato rexido por este prego de cláusulas administrativas particulares ten por obxecto o aforro económico e no consumo de enerxía, así coma a redución de emisións de CO₂ a atmosfera mediante a realización das actuacións incluídas no proxecto de "Renovación das Instalacións de Alumeado Público Exterior Municipal", tal como se define no proxecto elaborado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Pablo Estevez Salgado (Colexiado Nº 1282 I.C.O.I.G.), aprobado polo Pleno Municipal en sesión de data 13 de maio de 2016, e que foi obxecto de replanteo previo con data 6 de maio de 2016, e que conta coas especificacións sinaladas no artigo 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP).

Dito obxecto corresponde ao código 45310000-3 da nomenclatura da CPV.

CLÁUSULA TERCEIRA. Natureza, réxime xurídico, procedemento de selección e adjudicación.

Natureza: Este contrato cualifícase coma contrato administrativo de obras, de conformidade co disposto nos artigos 5, 6, e 9.1.a) do TRLCSP.

O contrato ó que se refire este prego ten natureza administrativa e rexerá, sucesiva e supletoriamente, polas seguintes fontes: O TRLCSP aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro; o Regulamento Xeral da Lei de Contratos coas Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en adiante RXLCAP), consolidado; as normas de dereito administrativo diferentes das anteriores no que resulte de aplicación; o presente prego de cláusulas administrativas; o proxecto que integra a documentación establecida no artigo 128 do RXLCAP; o contrato formalizado coa adjudicación desta obra; as normas de dereito privado no mesmo caso; e o acordo suscrito entre o Concello de San Cristovo de Cea e o Instituto para a Diversificación e o Aforro Enerxético (en adiante IDAE) e igualmente a auditoría enerxética elaborada aos efectos, e a valoración e resultado da mesma realizada polo IDAE na súa condición de Director e Informador, que serve de

base para a contratación. No caso de contradición entre o proxecto e o prego, terá preferencia o previsto no presente prego. Será de aplicación supletoria o TRLCSP, e demais normativa sectorial básica, en todo o non contemplado neste prego e a efectos de interpretación das súas cláusulas.

A forma de adxudicación do contrato das obras será o procedemento aberto, trámite ordinario (Artigo 109, 110 do TRLCSP), oferta máis vantaxosa, tomando en consideración varios criterios de adxudicación, ao que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do TRLCSP, e coa cláusula 13ª deste Prego.

Os documentos contractuais entenderanse modificados polas mellores condicións de execución contidas na oferta do adxudicatario na forma determinada na cláusula 13ª.

Cómputo de prazos: Conforme ó disposto na DA. 12ª do TRLCSP, todos os prazos que se sinalen en días enténdense por naturais, a non ser que expresamente se faga constar que se trata de días hábiles.

CLÁUSULA CUARTA. Necesidades públicas a satisfacer mediante contrato.

A celebración do contrato ten por obxecto o aforro económico e no consumo de enerxía, así coma a redución de emisións de CO₂ á atmosfera mediante a realización das actuacións incluídas no proxecto.

CLÁUSULA QUINTA. Órgano de contratación.

O órgano de contratación resulta ser a Alcaldía do Concello de San Cristovo de Cea, por delegación do Pleno Municipal de data 8 de xullo de 2015.

- Dirección: Praza Maior 1, Cea (San Cristovo de Cea).
- Teléfono: 988.282.000
- Fax.: 988.282.008
- E-mail: concello@concellodecea.com

O órgano de contratación ten a facultade de adxudicar o contrato obxecto deste prego e ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, promover a súa modificación por razóns de interese público, acordar a súa resolución coa delimitación dos efectos desta, e as demais que lle atribúe a norma aplicable. Os acordos que dite serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a xurisdición competente.

Responsable da contabilidade municipal: Secretaría-Intervención.

CLÁUSULA SEXTA. O Perfil do Contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, dado que este Concello non conta con Perfil do Contratante, terase acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte:

Perfil do Contratante: <http://dpouv2.depourense.es/index.php/perfil-do-contratante>

CLÁUSULA SETIMA. Importe do Contrato.

O presente contrato será financiado mediante o acordo asinado entre o Concello de San Cristovo de Cea e o IDAE con data 11 de marzo de 2016, que se considera parte do expediente, que o condicionará en canto a financiamento e réxime de pagamento, ascendendo o seu importe a 477.000,00 Euros aos que se engadiran 20.346,93 Euros de aportación municipal o que supón a cantidade de 497.346,93 Euros.

O importe do contrato ascende á contía de 411.030,52 Euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 86.316,41 Euros, o que supón un total de 497.346,93 Euros.

O importe abonarase con cargo á aplicación orzamentaria 610.10 do vixente Orzamento Municipal, existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato, e que se executará no exercicio orzamentario 2016, someténdose os pagos aos abonos derivados do mesmo.

CLÁUSULA OITAVA. Duración do Contrato.

A duración do contrato das obras de "Renovación das Instalacións de Alumeado Público Exterior Municipal", será de 6 meses.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

CLÁUSULA NOVENA. Tramitación do expediente a efectos da adxudicación do contrato.

A tramitación do expediente para a adxudicación deste contrato é a ordinaria regulada no artigo 109 e 110 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMA. Presentación de Proposicións.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de San Cristovo de Cea, sito na Praza Maior nº 1, en horario de 09:00 horas ata as 14:00 horas, dentro do prazo de 26 días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no Perfil do Contratante.

As proposicións poderán igualmente presentarse dentro do mesmo prazo por correo postal na dirección Praza Maior nº 1 – 32130 Cea (San Cristovo de Cea – Ourense), ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante RXAPAC).

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario Municipal.

Se o último día da presentación de ofertas resultase sábado ou inhábil, o prazo entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos cinco primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, tanta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debéndolle ser facilitada con o menos seis días de antelación á finalización do prazo de presentación de ofertas (Artigo 92.1 do RGLCAP, en relación co artigo 158.2 do TRLCSP).

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Capacidade para contratar, documentación administrativa e demais requisitos das proposicións.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, a título individual ou en agrupación, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica, e que dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato (Art. 54 do TRLCSP).

Os licitadores, persoas naturais ou xurídicas, deberán ter unha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, de ser o caso, así coma dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas ás publicidades da adxudicación e á información que debe darse ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formular as ofertas, en especial con respecto ós segredos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A concorrencia dos requisitos esixidos será no momento de finalización do prazo de presentación de documentación.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar a contratación de obras de "Renovación das Instalacións de Alumeado Público Exterior Municipal". A denominación dos sobres será a seguinte:

- **Sobre «A»:** **Documentación Administrativa.**
- **Sobre «B»:** **Criterios cuantificables por fórmulas.**
- **Sobre «C»:** **Criterios non cuantificables por fórmulas.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Para garantir o bo fin do procedemento, poderase requirir toda ou parte da documentación ós demais licitadores antes da proposta de adxudicación, que deberá aportarse, no seu caso, no prazo de cinco días.

O prazo para subsanación de deficiencias en canto a forma de presentación da declaración responsable será de tres días.

No caso de que os datos referidos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incurrir o declarante, a Administración Municipal resérvase o dereito de emprender as accións legais oportunas para reclamarlle os danos e prexuízos que lle puidese ter causado.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»

Que se subtitula: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:

1.- Documentación Administrativa.

Aos efectos da presentación de propostas, coa documentación establecida no artigo 146 do TRLCSP substituirase por unha declaración responsable, segundo o Anexo I deste prego, de que cumpre tódolos requisitos legalmente esixidos ao respecto, isto é, dispor da capacidade de obrar e a habilitación empresarial precisa para a execución do contrato, de non atoparse incurso en prohibición de contratar do artigo 60 do TRLCSP con indicación expresa de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de dispor de solvencia económica-financieira e técnica esixidas para participar nesta licitación, requiríndoselle a documentación á empresa proposta coma adxudicataria, antes da formalización da adxudicación.

No que se refire ao cumprimento dos requisitos de solvencia económica-financieira e técnica, estarase ó contemplado na cláusula décimo oitava do presente prego.

2.- UTES.

Cando dúas ou mais empresas presenten unha oferta conxunta, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias das empresas que a subscriban, a participación de cada unha delas e a designación dun representante ou apoderado único. Neste caso os concursantes deberán presentar un compromiso por escrito, no que se obriguen a constituír unha UTE, para o caso de resultar adxudicatarios. Non será necesario a formalización da unión de empresas ata que se efectúe a adxudicación o seu favor. Os empresarios quedarán obrigados, solidariamente, á duración da unión temporal que coincidirá coa do contrato, ata a súa extinción; en todo caso entenderase o disposto no artigo 59 da TRLCSP.

SOBRE «B»

Que se subtitula: "CRITERIOS CUANTIFICABLES POR FÓRMULAS".

Contará con tres sobres pechados, relativos á:

- **Oferta económica referida ás melloras propostas polo Concello de San Cristovo de Cea.**
- **Prazo de Garantía.**
- **Prazo de Execución.**

SOBRE «C»

Que se subtitula: "CRITERIOS NON CUANTIFICABLES POR FÓRMULAS".

Constará a súa vez dun sobre pechado relativo ás propostas sometidas a un xuízo de valor que levará o seguinte título:

- **Melloras presentadas polo licitador suxeitos a un xuízo de valor.**

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, en relación co artigo 21.2 do RPCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, actuando como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela o Secretario-Interventor ou, no seu caso, un funcionario con competencia para o exercicio destas funcións.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

— D. Celso Luís Garriga Rodríguez, 1º Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Facenda, Persoal, Cultura, Promoción Social e Participación Cidadá, que poderá ser substituído no caso de ausencia ou enfermidade polo Concelleiro D. José Paz Vázquez.

— Dª. María del Pilar García Tizón, 2ª Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Infraestruturas, que poderá ser substituída en caso de ausencia ou enfermidade pola Concelleira Dª. Beatriz Vázquez Rodríguez.

— Dª. María José Pérez Vidal, 3ª Tenente de Alcalde e Concelleira da Área de Sanidade, Servizos Sociais, Benestar e Educación, que poderá ser substituída en caso de ausencia ou enfermidade polo Concelleiro D. Delmiro Pérez Fernández.

— D. Santiago Mansilla Vázquez, Secretario-Interventor da Corporación que poder ser substituído en caso de ausencia ou enfermidade pola funcionaria Dª. María José Fernández Lorenzo.

— D. José Antonio Fernández Gómez, funcionario da Corporación de San Cristovo de Cea, que actuará coma Secretario, que poderá ser substituído por en caso de ausencia ou enfermidade pola funcionaria do Concello de San Cristovo de Cea Dª. Mª. Belén Noguerol Freijedo.

A Mesa de Contratación avaliará as proposicións, mediante os criterios de valoración de aplicación, por orde decrecente de importancia e ponderación do presente prego, e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación. A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios e que teñan relación co obxecto do contrato. A estes efectos, constituirase un comité de expertos que contará con tres membros.

O Comité asesor estará constituído polos seguintes técnicos:

- D. Pablo Estévez Salgado (Colexiado Nº 1.282 I.C.O.I.G.).
- D. Carlos Fernández Naveira (Colexiado Nº 2.419 C.O.I.T.I.).
- Dna. María Rosario Dacal Rodríguez (Colexiada Nº 1.851 C.O.A.G.).

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Criterios de Adjudicación.

A presentación de ofertas suporá a aceptación incondicional polos licitadores da realización de melloras propostas polo Concello, así coma a súa descrición.

As melloras ofertadas polo licitador que resulte adxudicatario pasarán a formar parte do obxecto do contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta mais vantaxosa atenderase a varios criterios de adjudicación, dependentes de criterios obxectivos ou dun xuízo de valor, e que resulte ser:

A.- CRITERIOS OBXECTIVOS (sobre B): Valorables mediante fórmulas ou porcentaxes: 90 puntos

1.- Oferta económica referida ás melloras propostas polo Concello de San Cristovo de Cea: 80 puntos, que se adjudicarán en proporción á valoración económica de cada mellora.

Os licitadores deberán presentar unha oferta que recolla as melloras presentadas, podendo presentar ofertas a tódalas propostas do Concello ou, no seu caso, ás que consideren.

A máxima puntuación outorgarase ó licitador que oferte a todas as melloras realizando así a oferta economicamente mais alta.

Os demais licitadores obterán a puntuación que lle resulte de aplicar unha regra de proporción directa, considerando a estes efectos a porcentaxe respecto á oferta ou ofertas que obtiveran a maior puntuación.

MELLORAS PROPOSTAS POLO CONCELLO:

a) REVISIÓN DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN XERAL CORRESPONDENTE AO ALUMEADO PÚBLICO / VIARIO EXISTENTE NO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA.

Revisión da instalación eléctrica en xeral do alumeadado público /viario no que as liñas aéreas e adosadas a fachadas se refire (frechas de condutores aéreos, conexións, anclaxes de liñas, tensión do tendido dos condutores e tensores), con parte proporcional de material accesorio. Totalmente rematado, probado e en disposición de ser utilizado.

VALORACIÓN DA MELLORA: 924 Unidades a 21,52 €= **19.884,48 EUROS.**

b) REVISIÓN, SANEAMENTO E POSTA EN MARCHA DOS CADROS ELÉCTRICOS / CENTROS DE MANDO EXISTENTES PARA ALUMEADO PÚBLICO / VIARIO DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA.

Suministro e instalación do material necesario para os cadros eléctricos existentes no alumeadado público/viario do Concello de San Cristovo de Cea con parte proporcional de interruptores xerais, contactores, interruptores diferenciais, interruptores magnetotérmicos para proteccións de liñas de alimentación a puntos de luz, xuntas de estanqueidade de neopreno e reparación ou substitución de elementos de anclaxe y peches (cambio de pechaduras e bisagras), todo ilo no caso de ser necesario a criterio do director de obra. Todo ilo totalmente conexionado e probado para o seu correcto funcionamento.

VALORACIÓN DA MELLORA: 980 Unidades a 25,77 €= **25.254,60 EUROS.**

c) REALIZACIÓN DE MEDICIONES E INFORMES DE TOMAS DE TERRA PARA OS CENTROS DE MANDO E SOPORTES EXISTENTES DO ALUMEADO PÚBLICO / VIARIO DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA.

Realización de medicións e informes das tomas de terra para os centros de mando (101 uds.), soportes e luminarias (740 uds.) con medidores de terra homologado, incluso revisión e reaxuste de tornillería de todos los elementos de conexión e picas de terra, con parte proporcional de material auxiliar e elementos complementarios. Totalmente conexionado e rematado para ser correctamente utilizado.

VALORACIÓN DA MELLORA: 101 Unidades a 129,66€= **13.095,66 EUROS.**

2.- Prazo de garantía: 5 puntos.

O incremento do prazo de garantía ata un máximo de sete anos respecto do previsto no prego, valorarase segundo a seguinte fórmula:

$$Pg = 7 \times \frac{Gi - Ge}{Gmax - Ge}$$

Onde:

- Pg: Puntuación garantía.
- Ge: Garantía estimada.
- Gi: Garantía da oferta a valorar.
- Gmax: Maior garantía ofertada.

3.- Prazo de execución: 5 puntos.

Outorgarase 5 puntos ao licitador que execute o contrato en 6 meses.

As restantes ofertas valorarase proporcionalmente. En caso de discrepancia entre as cantidades consignadas en número e letra prevalecerán as primeiras sobre as segundas.

Non se admitirán prazos de execución inferiores a 4 meses, de presentarse, obterán 0 puntos.

B.- CRITERIOS SUBXETIVOS (sobre C): Valorables polo comité de expertos: 10 puntos.

Oferta sobre as melloras propostas polo licitador suxeitas a un xuízo de valor: 10 puntos.

Os licitadores deberán de presentar unha memoria técnica e descritiva coas proposicións de carácter técnico e construtivo que impliquen un valor engadido sobre a propia obra e repercutan no mellor servizo ou utilidade pública.

O comité de expertos puntuará motivadamente as ofertas presentadas considerando a importancia técnica da mellora a executar.

Non se admitirán documentos que superen as 5 carillas, con tamaño de letra 10, nas propostas de cada actuación ofertada.

Valorarase igualmente o carácter conciso, e a concreción das actuacións propostas.

As propostas presentadas deberan acotarse ós seguintes campos:

- Melloras destinadas a garantir o cumprimento do obxecto do contrato.
- Melloras destinadas a garantir a prestación do servizo público vinculado a actuación.

C.- De presentarse dificultades imprevistas no curso da súa execución que motivaran a modificación do proxecto que puidera supoñer incremento do seu prezo, o importe das melloras avaliadas que determinarán a proposta do director de obra economicamente, poderá ser destinado polo órgano de contratación a sufragar tales modificacións, de conformidade co contratista. Neste caso, o custo de tales modificacións aprobarase polo Concello, con base na valoración do director da obra e con audiencia do contratista. Corresponde ao director da obra efectuar a correspondente proposta neste sentido.

As melloras ofertadas pola empresa que resulte adxudicataria pasarán a formar parte do obxecto do contrato.

Corresponderá a dirección da execución das obras melloradas ao director das obras obxecto da licitación, que haberá de certificar a súa realización a satisfacción da Administración contratante.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Clasificación do contratista.

Non se esixe.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Apertura e cualificación da documentación administrativa e admisión de licitadores.

O acto de licitación desenrolarase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RXLCAP, nos termos seguintes:

O día seguinte hábil (excepto sábados), a aquel que finalice o prazo de presentación de proposicións constituirase a Mesa de Contratación para a cualificación dos documentos presentados no tempo e forma no sobre A, formalizándose a acta correspondente. Se non existen deficiencias que subsanar, a apertura do sobre C efectuarase no mesmo día, as 12:00 horas, na Aula de Formación Municipal, sita no Edificio Multiusos de San Cristovo de Cea (Rúa San Lorenzo Nº 68 – Cea).

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o Secretario da mesa de Contratación comunicará aos licitadores, a maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

No caso de que a Mesa de Contratación, observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicáraselle verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas mediante anuncios do órgano de contratación, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a Mesa de Contratación.

No caso de subsanación procederase a apertura en acto público do sobre C, no quinto día hábil posterior (excepto sábados) o do remate do prazo de presentación de proposicións, as 12:00 horas, no Edificio Multiusos de San Cristovo de Cea (Rúa San Lorenzo Nº 68 – Cea).

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Valoración das ofertas.

Apertura sobre "C". A continuación do sinalado na cláusula anterior procederáse no mesmo acto, á apertura do sobre "C" titulado "Criterios non cuantificables por fórmulas".

A continuación o Presidente da Mesa invitará aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións estimen oportunas, informándolles do seu dereito a presentar os recursos que estimen procedentes.

A Mesa de Contratación por si mesma ou mediante a solicitude dos informes que estime oportunos ó comité de expertos, valorará en base aos criterios establecidos na cláusula décimo terceira de este prego, o que resulte da documentación contida nos sobres "C", deixando constancia escrita do fundamento da valoración dada a cada un dos criterios de cada unha das ofertas. Trala valoración da Mesa realizarase unha clasificación en orde decrecente das ofertas conforme á valoración obtida por cada unha delas.

Apertura pública do sobre "B": Unha vez valorados os criterios cúa cualificación depende do xuízo de valor, a Mesa convocará ao licitadores a un acto público, fixando día, hora e lugar.

O día e hora fixados, procederase da seguinte maneira:

O Presidente da Mesa de contratación dará a coñecer o resultado da valoración dos criterios correspondentes a un xuízo de valor sobre as ofertas de cada un dos licitadores.

A continuación a Mesa de Contratación procederá á apertura do sobre B, dando traslado do contido das ofertas aos licitadores presentes, podendo estes deixar constancia no Acta de calquera circunstancia que resulte da apertura formal do mesmo.

Se resultase preciso a subsanación de erros ou omisións nesta documentación, a Mesa concederá, un prazo máximo de tres días hábiles para efectuala.

A Mesa de contratación, si o estima oportuno, acordará a remisión dos sobres "B" ao comité de expertos, para o estudo das proposicións da relación cos criterios de adxudicación cuantificadas por fórmulas.

Concederase un prazo de tres días hábiles ao licitadores, para que, si o desexan, poidan examinar o expediente e presentar as alegacións oportunas en canto as ofertas presentadas e o seu valor. O prazo sinalado para estes trámites e automático dende a data de apertura da documentación, sen prexuízo do aviso que se lle formule dende o Concello aos interesados por teléfono, fax ou correo electrónico.

Os eventuais empates resolveranse por sorteo en acto público ao que serán convocados os licitadores interesados.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Requirimento da documentación ao primeiro clasificado.

Realizadas as actuacións anteriores, a Mesa comunicará ao órgano de contratación a clasificación dos licitadores aos que se refire a cláusula décimo sexta. Dita comunicación deberá incluír tamén a ponderación dos criterios e tódolos informes e actas que integran o expediente de licitación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que se recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa dos requisitos incluídos na declaración responsable ou autorice ao órgano de contratación para obtelos de forma directa, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Se o requirimento non se cumprimentase adecuadamente no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo a recabar a documentación sinalada no párrafo anterior ao licitador que quedase clasificado no seguinte lugar, e así procederá sucesivamente no caso de que o licitador sucesivamente requirido non cumprimentase o requirimento.

Toda a documentación presentada polos licitadores, fosen admitidas as súas ofertas ou non, arquivarase no expediente, unha vez adxudicado o contrato e, de ser

o caso, transcorridos os prazos para interpoñer recursos sen que esta interposición se verifique, comunicárase aos licitadores que a documentación que acompañou as súas propostas queda a súa disposición.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Adxudicación do Contrato.

Recibida a documentación solicitada no prazo fixado, o órgano de contratación resolverá a adxudicación do contrato dentro dos oito días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A Mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación para a adxudicación do contrato.

Unha vez vista a proposta da Mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente de calificación, en atención ós criterios de adxudicación, e requirirá ó licitador que presente la oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello, para que dentro dos dez días hábiles seguintes ó da recepción de dito requirimento aporte a seguinte documentación:

1. Aquela que acredite a personalidade do empresario, mediante NIF ou documento que o substitúa. A capacidade de obrar das persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, inscrito, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

Os que acudan á licitación en representación de outro, así como nos casos nos que o licitador sexa unha sociedade ou persoa xurídica, deberán aportar tamén escritura de poder ó efecto, validada por o vice secretario do Concello, ou polos servizos xurídicos de este, e acreditar a súa personalidade mediante o NIF

2. Xustificación da solvencia económica-financeira, mediante a acreditación do volume anual de negocios do licitador, que referido ó ano de maior volume de negocio dos últimos tres concluídos, deberá ser ó menos una vez e media o valor estimado do contrato. A acreditación levarase a cabo mediante as contas aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil – ou rexistro oficial correspondente ou, en caso de empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil, mediante os libros inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil, de acordo co disposto no artigo 11.4.a) do RGLCAP modificado por R.D. 773/2015.

3. Xustificación da solvencia técnica, mediante a presentación de unha relación das principais obras de análoga natureza realizadas nos últimos dez anos, acompañada de certificados de boa execución para as mais importantes, sendo requisito indispensable que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ó 70% do valor estimado do contrato, de acordo co disposto no artigo 11.4.a) do RGLCAP modificado por R.D. 773/2015. En todo caso, o xuízo favorable de solvencia requirirá que o adxudicatario acredite ter realizado, nos últimos 10 anos, ó menos dúas obras de instalación de alumeadado público por importe non inferior a 411.050,52 € (IVE excluído) cada unha delas.

4. Certificacións acreditativas de encontrarse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

5. Resguardo acreditativo de constitución da garantía definitiva.

6. Tres exemplares do Plan de Seguridade e Saúde, nomeamento do responsable da seguridade e saúde, representante da empresa e comunicación na que se exprese si concorren ou non algunhas das circunstancias do artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

7. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento a xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orden, para tódalas incidencias, que de maneira directa ou indirecta puideran derivarse deste contrato, con renuncia o foro xurisdicional estranxeiro que puidera corresponderlles.

Toda a documentación aportarase en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada. A acreditación da constitución da garantía definitiva farase, en todo caso, aportando documento orixinal.

De non cumprimentarse dito requirimento en tempo e forma, entenderase que a oferta foi retirada, recibéndose a documentación indicada do seguinte licitador, de conformidade co orden de clasificación das ofertas. Cumprido o requirimento.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da mesma.

Non obstante o anterior e antes da adxudicación, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 155 do TRLCSP.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, e notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no Perfil do Contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído interpor recurso suficientemente fundado contra a resolución de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimaran as súas propostas.

- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.

- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia sobre as que presentasen os restantes licitadores e que non fosen admitidas.

- Na notificación e no Perfil do Contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 do TRLCSP.

Se a adxudicación non se notificase no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, os licitadores poderán retirar validamente a súa proposición.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Formalización do Contrato.

A notificación da adxudicación do contrato realizarase dentro do prazo de tres días naturais contados dende a súa adxudicación.

O contido do documento de formalización será o establecido nos artigos 26 do TRLCSP e o 71 do RXLCAP.

A non formalización do contrato dentro do prazo sinalado neste prego por causas imputables ao contratista permitirá a esta Administración incautar a garantía definitiva.

A formalización publicarase na forma prevista no artigo 154 do TRLCSP.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación; constituíndo o devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso se incluírá no documento de formalización, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

CLÁUSULA VISÉXIMA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe da adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e aumentando no importe das melloras no seu caso.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en Valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na lexislación vixente. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa da Corporación.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que estableza a lexislación vixente na materia, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía mutua autorizados para operar en España, que deberá depositarse no establecemento sinalado na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que estableza a lexislación vixente na materia, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse no departamento sinalado na letra a) anterior.

d) Mediante retención do prezo do contrato polo importe da garantía definitiva e mediante solicitude do adxudicatario que deberá acompañar, no seu caso, da conta bancaria que se require para a formalización do contrato.

A petición do contratista, esta retención poderá ser substituída durante a vixencia do prazo de garantía por calquera das outras formas de garantía contempladas neste artigo.

Esta retención aplicarase á primeira certificación de obra e, no seu caso, ás seguintes, no caso de que non bastase o importe da primeira certificación emitida polo contratista e regulamentariamente aplicada.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

A garantía responderá ós conceptos incluídos no artigo 100 do TRLSCP, en especial de selo caso ó contemplado no punto cinco do referido artigo.

Neste punto terase en conta, no seu caso, a aplicación do artigo 102.5 da TRLSCP en canto a prazos.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA. Prazo de Garantía.

1.- O prazo de garantía das obras será de doce meses e o seu cómputo comezará a partir da data de recepción das mesmas. Os gastos de vixilancia e conservación durante o prazo de garantía serán a cargo do Contratista, sempre que estes últimos sexan imputables a defectos que poden advertirse na construción.

2.- Dentro do prazo de 15 días anteriores ó seu cumprimento o director facultativo das obras, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras para os efectos previstos no artigo 253.3 da TRLCSP.

3.- Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de defectos na construción das obras o órgano de contratación terá dereito a reclamar ó contratista a subsanación dos mesmos.

4.- Rematado o prazo de garantía, sen que a Administración formalice reparo ou denuncia, procederase á cancelación da fianza presentada e o contratista quedará exento de responsabilidade, salvo o previsto na cláusula trisécimo cuarta.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Execución do Contrato e comprobación do replanteo.

O contrato executarase con extrita suxeición ao disposto neste prego e no proxecto que serve de base ó contrato e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica diste, lle sexan dadas ao contratista pola dirección facultativa da obra (artigo 230 do TRLCSP).

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación do trazado de planta e inicio das obras. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a quince días hábiles desde a data da súa formalización, o servizo da Administración encargado das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do Proxecto de obras, estendéndose esta segunda acta que será asinada por ambas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

O contratista deberá nomear a un delegado de obra, quen recibira as anteditas instrucións, comunicando á Administración a identidade da persoa designada previo o inicio da execución do contrato.

O concello encomendará a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde a facultativos competentes, sendo por conta do Concello o pago dos honorarios correspondentes.

Sen prexuízo do anterior e de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, o Concello poderá nomear, de entre os funcionarios, un responsable do contrato, con funcións de supervisión da correcta execución do contrato de obra e da súa dirección técnica. As instrucións ditadas en interpretación do contrato por dito responsable, serán vinculantes tanto para o contratista adxudicatario das obras coma para o director facultativos destas.

A maquinaria empregada polo adxudicatario na execución da obra deberá estar en posesión do certificado de posta en conformidade, expedido polo organismo competente, en cumprimento do disposto no Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, configurándose esta obrigaición coma condición especial de execución do contrato con natureza de obrigaición contractual esencial, ós efectos do disposto nos artigos 118 y 223 g) del TRLCSP. Os directores técnicos e o Servizo de Seguridade e Saúde poderán esixir do adxudicatario a exhibición de ditos certificados durante todo o prazo de execución da obra.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

Os acordos que a este respecto dite serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do dereito do contratista a súa impugnación ante a xurisdición competente.

A) Dereitos do contratista.

Abonos ao contratista. A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o Director de Obra. A obra certificada valorarase de acordo aos prezos do Proxecto Técnico, e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supondo, por tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por provisións de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para ese efecto, determinan o artigo 232 do TRLCSP, e artigos 155 a 157 do RXLCAP.

B) Obrigacións do contratista.

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

A execución do contrato realizarase sempre a risco e ventura do contratista; nembargante nos casos de forza maior, poderase considerar coma tales exclusivamente as recollidas no apartado 2 do artigo 231 do TRLCSP, e, sempre que non exista actuación imprudente por parte do contratista, este terá dereito a unha indemnización polos danos e prexuízos que se produzan.

O contratista terá obrigación de indemnizar por tódolos danos e prexuízos que se causen a terceiros coma consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, salvo que a orixe destes danos fose consecuencia dunha orde inmediata e directa da Administración ou de vicios no proxecto de obras.

O contratista estará obrigado a respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, e á que se lle de ese carácter neste prego ou no contrato ou que, pola súa propia natureza, deba ser tratada coma tal.

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

— Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de prevención de riscos laborais e de seguridade e hixiene no traballo.

— O contratista está obrigado á conservación das obras ata a recepción das mesmas e a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes, para iso entregará ó Concello, antes da sinatura do contrato, unha relación das mesmas (artigo 64.2 do TRLCSP). A legalización de todas e cada unha das actuacións ou instalacións incluídas no proxecto ou aquelas que, non estando contempladas na súa totalidade, se vexan afectadas directa ou indirectamente pola súa execución, sempre que a correspondente normativa determine a necesidade de regularizar a súa situación.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do TRLCSP, para os casos de subcontratación.

— Sinalización e balización das obras. O contratista está obrigado a instalar a súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles,

tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións, así coma a balización de seguridade. Colocar, ó seu cargo, carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións da dirección facultativa, e realizará a súa costa, se así o solicita a dirección facultativa, unha reportaxe fotográfica mensual sobre as mesmas, así como cantas fotografías lle puideran ser esixidas durante a execución daquelas.

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no Traballo. Previamente á aprobación da certificación final, entregará ó facultativo director da obra o documento final de obra en formatos papel e dixital, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfica, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizados, resultado dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos finais de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto vixente.

— Gastos esixibles ao contratista. Son a conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, e cantos outros gastos ocasionados con motivo dos tramites preparatorios ou de formalización, até o límite máximo de 2.000 Euros, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará a súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Plan de Seguridade e Saúde, Programa de Traballo e Xestión de Residuos.

Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da Obra, axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito Plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o Contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudo de Seguridade.

O Plan será aprobado polo Concello, antes do inicio da obra, previo informe do Coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar coordinador, e comunicarse á Autoridade Laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de trazado de planta e inicio da obra.

O contratista deberá presentar no prazo máximo de sete días, contados dende a formalización do contrato, un programa de traballo relativo ós extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP.

O programa de traballo non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, aínda que poderá propor redución no prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución da obra, de ser o caso, sempre que as dispoñibilidades de crédito do Concello permitan efectuar os reaxustes de anualidades que se puidesen derivar de tales modificacións, e sen que, en ningún caso, poida supor incremento do prezo total do contrato. O órgano de contratación resolverá dentro dos quince días seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

Unha vez aprobado o programa de traballo incorporárase ó contrato, practicándose, no seu caso, o correspondente reaxuste de anualidades. Así mesmo, neste prazo o contratista deberá achegar o Plan de Seguridade e Saúde e o de Xestión de Residuos.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Control de calidade.

O contratista deberá axuntar co programa de traballo o desenvolvemento do control de calidade en relación ós ensaios técnicos específicos sobre a execución da obra e os procesos de autocontrol de calidade na execución de todos os procesos da mesma, que deberá axustarse ás necesidades derivadas do proxecto de obra e cumprir con todos os requisitos indicados na súa oferta.

O responsable facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propoñerá ó órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos quince días seguintes a súa presentación.

O desenvolvemento no tempo das actividades a realizar para o control de calidade deberá ser coherente co programa de traballo presentado e economicamente suporá o importe total que corresponda á porcentaxe fixada do orzamento de execución material do proxecto.

O responsable facultativo da obra realizará o seguimento do desenvolvemento das tarefas de control de calidade, que se centrarán no ámbito dos ensaios de control de calidade de materias e o control de procesos de execución das obras, para o que ditará as instrucións necesarias directamente ós responsables da empresa adjudicataria, como única responsable da contratación e execución destes traballos a través de consultor externo homologado.

O incumprimento do compromiso adquirido por parte do contratista durante a execución da obra poderá ser causa de resolución do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Modificación do contrato.

Unha vez adjudicado o contrato, o órgano de contratación soamente poderá introducir modificacións nel para poder satisfacer as necesidades recollidas na cláusula 4ª do presente prego e unicamente cando concorran algunha das seguintes causas:

Inadecuación das condicións establecidas neste prego para satisfacer as necesidades definidas na cláusula 4ª do mesmo, debido a erros u omisións padecidos na redacción do proxecto de obras.

Inadecuación do proxecto de obras ó que se refire a cláusula 2ª deste prego por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postos de manifesto con posterioridade á adjudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade, aplicando toda a dilixencia requirida de acordo coa boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Modificacións en addendas ó acordo entre o IDAE e o Concello de San Cristovo de Cea que non afecten o orzamento total do contrato nin do proxecto e que non impliquen o aumento de prazos de execución.

Forza maior ou caso fortuíto que fixeran imposible a realización da prestación nos termos definidos polo proxecto de obra ó que se refire a cláusula 2ª do prego.

Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se produza con posterioridade á adjudicación do contrato.

Necesidade de axustar a prestación ás especificacións técnicas, medio ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adjudicación do contrato.

A modificación deste contrato soamente poderá selo no seu proxecto de obras, mediante a introdución das variacións estritamente indispensables para que, tomando en consideración a causa que de lugar a modificación do contrato, poida satisfacer as necesidades definidas na cláusula 4ª deste prego.

No contrato, unha vez modificado, gardarase a mesma relación entre o prezo e o valor da prestación contratada.

A modificación do contrato non poderá realizarse se para a execución da prestación modificada fora precisa unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial, aínda cando o adxudicatario de este contrato posúa dita habilitación. Tampouco poderá realizarse a modificación do contrato, por alterarse de forma substancial as condicións de solvencia nunha marxe de mais de un 10% dos umbrais fixados para licitar o contrato inicial.

O establecido para a solvencia no sentido estrito resulta aplicable a aqueles contratos nos que fora esixible clasificación cando o adxudicatario fose un empresario non español ou dun Estado membro da Unión Europea.

Tampouco poderá ser modificado o contrato cando o importe da modificación implique un aumento ou unha redución igual ou superior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato. Para determinar a porcentaxe sinalada deberán computarse as modificacións anteriores do contrato.

Tampouco poderá modificarse o contrato obxecto deste prego cando poda presumirse que, de terse coñecido previamente a modificación, concurrirían ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaran parte nel, presentaran ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación deste contrato, daráselle audiencia ó contratista e serán de aplicación as cautelas preceptivas establecidas no artigo 211 TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Pagamentos.

Os pagamentos realizaranse contra certificacións de obra, que se expedirán como máximo unha ó mes.

As certificacións aboaranse en canto se reciban as aportacións segundo o disposto no acordo entre o Concello de San Cristovo de Cea e o IDAE, e na cláusula sétima deste prego, de selo caso. Para a emisión de certificacións e aboamento das mesmas entenderase de aplicación o disposto no acordo entre o Concello de San Cristovo de Cea e o IDAE para a obra de "Renovación de Instalacións de Alumeado Público Exterior Municipal", ou a addenda ó mesmo.

En todo caso terase en conta con carácter prioritario, o resultante de aplicación do contemplado nos artigos 216.6 e 216.8 do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. Revisión de prezos.

Non se contemplan.

CLÁUSULA TRIXÉSIMA. Prazos e penalidades.

O prazo máximo de execución da obra é de seis (6) meses a contar desde a data da acta de comprobación do replanteo – a cal se levantará no prazo máximo de un mes a contar desde a formalización do contrato-, de conformidade co disposto no artigo 229 do TRLCSP. O director técnico da obra poderá fixar prazos parciais de execución no programa de traballo.

Si o adxudicatario incurrira en demora na realización da prestación contratada, incluídos os prazos parciais establecidos polo Concello, poderá optar indistintamente por a resolución do contrato ou por a imposición de penalidades por demora, a razón de 600,00 € por cada día de retraso, de conformidade co disposto no parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 212 do TRLCSP, xustificándose esta disposición polos estritos prazos de execución e xustificación a que se atopen suxeitas a prestación contratada, derivada da súa financiación parcial con fondos do IDAE.

A resolución do contrato acordarase, no seu caso, de conformidade co disposto nos artigos 211 e 223 d) do TRLCSP, determinando o deber do contratista de indemnizar os danos e prexuízos causados á Administración, de conformidade co disposto no artigo 225.3 do TRLCSP, indemnización que se fará efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía definitiva constituída, sen perxucio da subsistencia da responsabilidade do contratista respecto do importe que exceda da garantía incautada.

Se o Concello optara por a imposición de penalidades por demora e sen prexuízo da efectividade de estas mediante dedución nos documentos de pago correspondentes ou sobre a garantía constituída, o contratista deberá indemnizar os danos e prexuízo irrogados á Administración como consecuencia do retraso culpable, debendo acordar a Administración a ampliación do prazo de execución, na medida que se estime necesaria para a terminación do contrato, todo elo de conformidade co disposto nos artigos 98 e 99 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (en adiante RLCAP), consolidado.

Se o retraso fora producido por motivos non imputables ó contratista e se este se comprometese a executar a prestación con prórroga do prazo, deberá ser acordada esta prórroga por a Administración, nos termos do artigo 213.2 do TRLCSP.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO PRIMEIRA. Cesión do contrato.

Non se contempla.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO SEGUNDA. Subcontratación.

1.- O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución do contrato ata o límite que se fixa no artigo 227.2 e) do TRLCSP.

2.- A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 227 e 228 do TRLCSP.

3.- Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 227.2 do TRLCSP, imporase a penalidade regulada no apartado 3 do referido precepto, nos seguintes termos:

- Farase efectiva mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago do prezo total ou parcial, deban abonarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 218 do TRLCSP.

- Coma regra xeral, a súa contía será dun 5% do importe subcontratado, salvo que motivadamente o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, que nese caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do contrato

A resolución do contrato terá lugar nos casos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 o 225 e, en especial no 237 e 239 dada a contía do contrato da

obra, do TRLCSP, e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Será causa de resolución do contrato o incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde Laboral.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que exceda do importe da garantía.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO CUARTA. Vicios ocultos.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción. Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

CLÁUSULA TRIXÉSIMO QUINTA. Xurisdición e recursos.

Os actos ditados polo órgano de contratación, unha vez se esgote a vía administrativa, serán impugnables ante os Órganos de Xurisdición Contencioso – Administrativa, de acordo e en aplicación do establecido no artigo 21.1 do TRLCSP e pola orde EHA/3479/2011 de 19 de Decembro.

Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnados ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da mesma.

O Recurso Contencioso-Administrativo será interposto no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, ós Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Ourense, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

En tanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte a súa notificación ou publicación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso dende o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o Recurso Contencioso-Administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ó amparo do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En San Cristovo de Cea, a 6 de maio de 2016.
O Alcalde,

Asdo. : José Luís Valladares Fernández.-

ANEXO I DECLARACIÓN RESPONSABLE

Número de expediente: 1/2016

Denominación do contrato: "RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR MUNICIPAL"

Data da declaración:

DATOS DEL DECLARANTE

Nome:

Apelidos:

DNI:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que teño poder bastante de representación para a subscripción do presente documento.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da Entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de Regulación dos Conflitos de Intereses dos Membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de Incompatibilidades dos Membros da Xunta de Galicia e Altos Cargos da Administración Autónoma, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que a empresa dispón da capacidade de obrar, de habilitación empresarial e da solvencia esixidas para participar nesta licitación.
- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):
Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

- a)
 - b),
- etc.

Subcontratación (Cláusula Trixésimo Segunda do Prego)

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

Firma: _____.-

ANEXO II

MODELO MELLORAS PROPOSTAS POLO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

D./D^a _____, en nome propio con D.N.I.: _____, ou en representación da entidade mercantil _____, co NIF/CIF nº _____, manifesta, a súa vontade de SI/NON presentar ofertas ás melloras propostas polo Concello de San Cristovo de Cea.

(De ser o caso). Pola presente, e nas condicións establecidas na Cláusula Décimo Terceira A.1.) do Prego de Cláusulas Administrativas, declaro a vontade de executar as seguintes propostas (*):

a.- Revisión da instalación eléctrica en xeral correspondente ó alumado público viario existente no Concello de San Cristovo de Cea (SI / NON).

b.- Revisión, saneamento e posta en marcha dos cadros eléctricos, centros de mando existentes para alumado público e viario do Concello de San Cristovo de Cea (SI / NON).

c.- Realización de medicións e informes de tomas de terra para os centros de mando e soportes existentes do alumado público viario do Concello de San Cristovo de Cea (Si / NON).

_____, _____ de _____ de _____.
(Sinatura e selo do licitador)

* Nas ofertas de execución das propostas, tacharase a opción de execución (SI/NON) rexeitada polo licitador.

ANEXO III
MODELO PRAZO DE GARANTÍA

D./Dna. _____, con D.N.I.: _____,
en nome propio ou en representación da entidade mercantil
_____, co NIF/CIF núm.
_____ manifesta que o prazo de garantía ofertado na licitación das
**"RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR
MUNICIPAL"**, é o seguinte:

PRAZO DE GARANTÍA: _____ MESES

..... de de
(Sinatura e selo do licitador)

ANEXO IV
MODELO PRAZO DE EXECUCIÓN

D./Dna. _____, con D.N.I.: _____,
en nome propio ou en representación da entidade mercantil
_____, co NIF/CIF núm. _____
manifesta que o prazo de execución ofertado na licitación das **"RENOVACIÓN DAS
INSTALACIONES DE ALUMENADO PÚBLICO EXTERIOR MUNICIPAL"**, é o
seguinte:

PRAZO DE EXECUCIÓN: _____ MESES

..... de de

(Sinatura e selo do licitador)